



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 1173/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Información e Promoción Turística

Dona Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

O Concello de Guitiriz acordou cós comerciantes e empresarios do municipio levar a cabo unha campaña de promoción de comercio local baixo o título : “ Campaña de Nadal 2024 /25”.

A colaboración manifestase do seguinte xeito : O Concello faise cargo dos gastos da cartelería , rifas , publicidade e do pago das taxas de facenda e comerciantes/ empresarios participantes na campaña asumen o importe dos produtos a sortear e do vale de 500€.

Visto o disposto no artigo 25.1 da Lei de bases de réxime local que dispón que os concellos poden realizar actuacións que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das comunidade veciñal nos termos previstos nese artigo. E considerando que poden levar a cabo actuacións de fomento e dinamización da economía local, en virtude desta cláusula de capacitación xeral do citado artigo.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1.f) de la Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 61.1.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os artigos 183 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2 /2004, e os artigos 52 e seguintes do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.





RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar as bases da Campaña de Promoción de Comercio Local: Campaña de Nadal 2024/25.

BASES.

A campaña contempla as seguintes actuacións :

A-) Os establecementos participantes sortearán un produto ou produtos por valor de 25€ para facer un sorteo diario de luns a venres coincidindo cós últimos catro números do cupón da ONCE. As rifas para o sorteo comezarán a repartirse dende o día 18 de decembro 2024 ata fin de existencias, e os sorteos comezarán o 19 de decembro 2024 ata o 3 de xaneiro de 2025.

Todos establecementos participantes repartirán as rifas para os sorteos e estableceranse quendas para determinar que comercios sortean cada día. Os premios recolleranse nos propios establecementos pola persoa agraciada.

QUENDAS:

Día 19 decembro: Librería Castaño ,A Badorna e lalar cortinas.

Día 20 decembro: Perrucaría Angeles A.Costa, Agrocomercial Abelleira e Fotografía Kantero.

Día 23 de decembro: Anitta Chic, Droguería Cheno e Videotel.

Día 24 de decembro: Mosquito,Estanco e Alimentación Lolita.

Día 25 de decembro: Mercería Entrefios, Zapatería Armería Guitisport, Perrucaría Borea e Tapería O Korreo.

Día 26 de decembro: Modas Sanjurjo, Frutas La Maja e Carnicería Vitorio.

Día 27 de decembro: Perrucaría Zalois, Supermercado Día e Bar A Capela

Día 30 de decembro: Nimbos, Floristería Teixido e Perrucaría Silvia Pardo.

Día 31 de decembro: Ximnasio Vita Flex Gym, Panadería Gómez e Restaurante Gaibor

Día 1 de xaneiro: Feixe, Restaurante La Casilla, Sara Sanjiao Estilista e Coluga

Día 2 de xaneiro: Nistal, Muebles Prado e Sonycar Aparellos

Día 3 de xaneiro: Supermercado Gadis, Ferretería Amador e Panadería La Esquina.





A difusión dos números premiados farase tanto nos propios establecementos a través de cartelería como a través das redes sociais do Concello.

B-) O seis de xaneiro, coas mesmas rifas usadas na campaña realizarase un sorteo dun **vale regalo** por importe de 500€. O boleto gañador será aquel que coincida coas últimas catro cifras da lotería “Del Niño” do 2025 .

A persoa agraciada, acompañado/a dunha representación do concello e comerciantes, terá que consumir o vale nos establecementos participantes en Guitiriz e como mínimo 1 en Parga, máximo de 50€ en cada un, nunha data acordada antes do 31 de xaneiro de 2025.

- A duración da campaña será do 18 de decembro ao 6 de xaneiro de 2025.
- Cada negocio entregará os seus clientes as rifas ao seu criterio.
- Os establecementos participantes terán un cartel identificativo.
- Nesta Campaña participaran maiores de idade.
- As persoas premiadas ceden os seus dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas, e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionadas con esta Campaña de Nadal 2024-2025.
- A participación nos sorteos implica a aceptación destas bases.

A Alcaldesa

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

En Guitiriz, na data da firma indicada na marxe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

